



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
EN DATA 27 DE XANEIRO DE 2017.-**

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as oito horas e corenta minutos do día 27 de xaneiro de dous mil dezasete, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. Antonio Lomba Baz, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- **D^a. Montserrat Magallanes Alvarez**
- **D. Miguel A. Español Otero**
- **D. Manuel Javier Crespo Gonzalez**
- **D^a. Teresa Vicente Baz**
- **D. Paulino Rodríguez Gonzalez**

Asiste como Secretario Acctal. o funcionario do Concello D. José Carlos Martinez Crespo.

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

PUNTO 1.- APROBACIÓN ACTA SESIÓN ANTERIOR (ORD. 10.01.2017)

O Sr. Presidente preguntalle ós concelleiros se teñen algunha observación que facer á acta correspondente á sesión celebrada o pasado día 10 de xaneiro ó que responden negativamente os concelleiros presentes nela, polo que a referida acta foi aprobada pola unanimidade dos presentes nela.

**PUNTO 2.- APLICACIÓN DA BAIXA DO PLAN PROVINCIAL DE OBRAS E
SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2016**

Vistas as Bases reguladoras do Plan Provincial de obras e servizos (Plan Concellos) 2016

habéndose producido unha baixa na adxudicación da obra “Proxecto de rehabilitación e construción de mirador” de 7.238,30 euros, e

de acordo coa base decimosétima de ditas bases que textualmente din “*De producirse baixas na adxudicación dos contratos o concello beneficiario deberallo comunicar á Deputación antes da súa aplicación. A existencia e importe da baixa determinarase coa certificación final. A baixa poderá aplicarse en calquera investimento, con independencia do seu importe.*”

A Xunta de Goberno Local ACORDA:

1.- SOLICITAR a aplicación dunha parte da baixa para o investimento “Mellora do alumeadado do entorno interior do recinto do Castelo de Santa Cruz”.

2.- Aprobar o proxecto técnico “Mellora do alumeadado do entorno interior do recinto do Castelo de Santa Cruz redactado por D. Hermelindo Martinez Gonzalez por un importe de 4.984,90 euros.

3.- Asumir o compromiso de que calquera alteración na execución da obra principal que conleve un incremento no prezo será asumida polo Concello da Guarda.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

PUNTO 3.- CUOTAS PRAZA DE ABASTOS

Dáse conta da relación dos postos fixos do mercado municipal de A Guarda e das taxas correspondentes ó mes de DECEMBRO de 2016 que ascenden á cantidade de 1.331,78 €.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar dita relación coas taxas correspondentes e dar traslado á Tesourería para o seu cobro.

PUNTO 4.- INFORMES DE SERVIZOS SOCIAIS

Dase conta do informe da Traballadora Social do Concello de data 30 de maio de 2016 relativo á alta no Servizo de Axuda no Fogar de D^a. J.P.L.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder a dita alta por libre concurrencia.

Dase conta do informe da Traballadora Social do Concello de data 27 de xaneiro de 2017 sobre a finalización dalgúns dos contratos da prestación do servizo de axuda no fogar de libre concurrencia con cargo a Deputación de Pontevedra, sobre a orzamento da Deputación para o SAF 2017 e sobre a conveniencia da renovación anual de determinados usuarios.

A Xunta de Goberno Local acorda renovar ata o 31.12.2017 a prestación do servizo de axuda no fogar de libre concurrencia con cargo a Deputación de Pontevedra dos usuarios que se indican no informe da Traballadora Social de 27.01.2017.

Lese o escrito RE 316 de data 20 de xaneiro de 2017, presentado por D^a. M^a.C.A.F., con enderezo na Rúa Manuel Alvarez, nº 6-2^oC da Guarda, solicitando a bonificación na taxa de auga por familia numerosa para o obxecto tributario Manuel Alvarez, nº 6-2^oC.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder á bonificación para o 2^o trimestre do ano 2017 recordándolle ó solicitante que dita bonificación terá efectos ata o 1^o trimestre de 2018 incluído, debendo volver a realiza-la solicitude en caso de que se manteñan as circunstancias que orixinaron a súa concesión.

Lese o escrito RE 260 de data 18 de xaneiro de 2017, presentado por D^a. S.B.L., con enderezo na Rúa Galicia, nº 55-1^oA da Guarda, solicitando a bonificación na taxa de auga por familia numerosa para o obxecto tributario Galicia, nº 55-1^oA.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder á bonificación para o 2^o trimestre do ano 2017 recordándolle ó solicitante que dita bonificación terá efectos ata o 1^o trimestre de 2018 incluído, debendo volver a realiza-la solicitude en caso de que se manteñan as circunstancias que orixinaron a súa concesión.

Lese o escrito RE. n.º 2 de data 2 de xaneiro de 2017 presentado por D. L.R.R., con enderezo na rúa José Antonio Lomba Camiña, nº 25 da Guarda solicitando a bonificación do 50% nas taxas de auga e sumidoiro para o obxecto tributario sito na rúa José Antonio Lomba Camiña, nº 25.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder o solicitado

Lese o escrito RE. n.º 8.062 data 30 de decembro de 2016 presentado por D. M.S.M., con enderezo na rúa Vicenta Rodriguez Cachada, n.º 19-3º da Guarda solicitando a bonificación do 50% nas taxas de auga, lixo e sumidoiro para o obxecto tributario sito na rúa Vicenta Rodriguez Cachada, n.º 19-3º.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder o solicitado.

PUNTO 5.- BASES DO CONCURSO DE DISFRACES ENTROIDO 2017.

O sr. Alcalde da conta da proposta de bases para o concurso de disfraces do entroido de 2017.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar as bases do concurso de disfraces do entroido de 2017.

PUNTO 6.- APROBACIÓN DO PREZO PÚBLICO POLA VENDA DO LIBRO “TOMO III - LA SOCIEDAD PRO-MONTE SANTA TECLA”

O sr. Alcalde da conta da seguinte proposta

Visto o expediente de fixación do prezo público pola venda do libro “TOMO III - LA SOCIEDAD PRO-MONTE SANTA TECLA”, esta alcaldía propón a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- Fixar o prezo público pola venda do libro “TOMO III - LA SOCIEDAD PRO-MONTE SANTA TECLA”, en 25,00 euros máis IVE.
- Exponer ó público o presente acordo en virtude do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985 de Bases de Réxime Local.

A Xunta de Goberno Local acorda, pola unanimidade dos seus membros, aprobar dita proposta.

PUNTO 7.- INSTANCIAS

Lese o escrito RE 152 de data 11 de xaneiro de 2017, presentado por D. JOSÉ ANTONIO BAZ LOMBA, en representación do CLUB DE TENIS CODESAL, con enderezo social na rúa Codesal - A Pasaxe, s/n de A Guarda, solicitando autorización para o uso da Piscina Cuerta Municipal o vindeiro día 4 de febreiro con motivo da celebración da liga galega de natación nas categorías de benxamin e promesas.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado.

Lese o escrito RE 242 de data 17 de xaneiro de 2017, presentado por D. JOSÉ JUAN ALVAREZ RODRIGUEZ, actuando en representación de MASTER DA LOURIÑA, con enderezo social na rúa Carretera Porriño - Rodondela, n.º 45 de Mos, solicitando a



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

colaboración do Concello da Guarda para o desenvolvemento dunha proba ciclista que vai ter lugar o vindeiro día 23.04.2017 e que transitará por este concello.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder á colaboración da Policía Local.

Dase conta do escrito RE 218 de data 16 de xaneiro de 2017, remitido por DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA, comunicando a contía final do Plan Concellos 2017 que ascende á cantidade global de 765.965,35 euros.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

PUNTO 8.- ASUNTOS DE URBANISMO

8.1.-COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS MENORES

A Xunta de Goberno Local da conta das seguintes comunicacións previas de obras menores:

EXPEDIENTE: 566/2016.- D^a. MERCEDES TRIGO VICENTE, PARA AMPLIACIÓN DE PORTAL CONSISTENTE NA RETIRADA DE DINTEL, RECORTAR 1 M. DE MURO E NIVELACIÓN DE SOLEIRA DE PORTAL, DA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE 1^o TRV. NETOS Nº. 3, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "CIVIDÁNS" DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 1.691/2016.- D. FERNANDO RODRÍGUEZ PORTELA, PARA PICADO DE PISO DE FORMIGÓN DO GARAXE E FACER UN NOVO FORXADO DE 8 CMS. DE ESPESOR CON FORMIGÓN HA-250 E MALLAZO DE 6 MM. E COLOCACIÓN DE CHAPA DE AISLANTE DE WALMATE DE 4 CMS. DE ESPESOR NUNHA SUPERFICIE DE 88,00 M²., SITO NA RÚA DE CARRETERA O CASTRO Nº. 95, EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE "O CASTRO" DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 9 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 4.212/2016.- d^a. LETICIA PÉREZ GÓMEZ, PARA REPARAR A CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 105,00 M². CONSISTENTE EN SUBSTITUR A TELLA EXISTENTE POR TELLA MIXTA DA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE 1^o TRV. CORUTO VELLO Nº. 10, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "SALCIDOS" (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 4.227/2016.- D^a. FELISA RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ, PARA REPARAR A CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 66,00 M². CONSISTENTE EN RETIRAR O MATERIAL DE CUBRICIÓN, COLOCACIÓN DE ENTRAMADOS NOVOS, CHAPAS DE FIBROCEMENTO G.O. E POBLADO DE TELLA CURVA TOTALMENTE REMATADO, DA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE MAROUCO Nº. 17, EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE "O CASTRO" DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 9 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 4.719/2016.- D. FRANCISCO LIMA PEREIRA, PARA REPARAR A CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 187,00 M². CONSISTENTE EN SUBSTITUIR A TELLA



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

CERÁMICA CURVA E PLACAS DE FIBROCEMENTO EXISTENTES SIN AMIANTO POR PANEL RÍXIDO DE POLIESTIRENO EXTRUIDO E CUBERTO CON TELLA CEÁMICA DA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE A PORTELA Nº. 6, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "SALCIDOS" (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 4986/2016.- D. JOSÉ IGLESIAS ANDURA PARA CONSTRUCCIÓN DUN CHURRASQUEIRO REALIZADO EN PEDRA DO PAIS CUNHAS MEDIDAS DE 1,80X0,70 MTS. NA FINCA DA SÚA PROPIEDAD SITA NA RÚA DE CARRETERA O CASTRO Nº. 40, EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE "O CASTRO" DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 9 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 5.428/2016.- D. MANUEL ÁLVAREZ ÁLVAREZ, PARA REPARAR A CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 122,00 M². CONSISTENTE EN SUBSTITUIR O MATERIAL DE CUBRICIÓN DE CORREAS DE MADEIRA E TELLA CERÁMICA CURVA POR PLANCHAS DE URALITA ANCLADAS SOBRE ESTRUCTURA EXISTENTE E TELLA CERÁMICA CURVA SUXEITA CON GANCHOS INOX., SITA NA RÚA DE A PORTELA Nº. 2, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "SALCIDOS" (ORDENANZA Nº. 9 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 5.498/2016.- D. LEONARDO RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, PARA REPARAR O TELLADO NUNHA SUPERFICIE DE 165,00 M². CONSISTENTE EN RETIRAR A TELLA VELLA E PLANCHAS DE CEMENTO E SUBSTITUILAS POR PLANCHAS DE FIBROCEMENTO ANCLADAS A ESTRUCTURA EXISTENTE E CUBERTA CON TELLA CURVA BERMELLA SUXEITA CON GANCHOS INOX. CON REMATE DE CUMIOS E ALEIROS NA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE BALIÑOS Nº. 33, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "SALCIDOS" (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 5.856/2016.- D^a. MARÍA ROSA CIVIDANES GONZÁLEZ, PARA INSTALACIÓN DE PORTAL DE ENTRADA A VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE CASTIÑEIRA Nº. 35, EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE "O CASTRO" DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 9 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 5.912/2016.- D. CELESTINO ÁLVAREZ ÁLVAREZ, PARA REFORMA DE PECHERÍA CONSISTENTE NA INSTALACIÓN DE 3 COLUMNAS DE PEDRA E MURETE DE BLOQUES A UNHA ALTURA DE 0,90 MTS. NUNHA LONXITUDE DE 8,00 MTS. LINEAIS SITO NA RÚA DE JOSÉ A. LOMBA CAMIÑA Nº. 12, EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE "SAN ROQUE" DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 9 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 6.116/2016.- D. LUIS MARTÍNEZ PORTELA, PARA REPARACIÓN DA FACHADA PRINCIPAL CONSISTENTE EN PICADO DE REVESTIDO EN MAL ESTADO E POSTERIOR REVESTIDO CON MORTERO DE CEMENTO, REPARACIÓN DE GRETAS EN FACHADA LATERAL E COLOCACIÓN DE 3 VENTÁS DE PVC NA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE DIEGO ANTONIO GONZÁLEZ Nº. 37, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "CIVIDÁNS" DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

Abandona a sesión o sr. Español Otero.



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

EXPEDIENTE: 6.213/2016.- D. MIGUEL ÁNGEL ESPAÑOL OTERO, PARA REPARAR A CUBERTA DA VIVENDA UNIFAMILIAR NUNHA SUPERFICIE DE 102,00 M²., CONSISTENTE EN RETIRAR A TELLA EXISTENTE E FORMAR UNHA NOVA CON CHAPAS DE FIBROCEMENTO E TELLA CURVA ENVELLECIDA SUXEITA CON GANCHOS INOX. CON REMATE DE CUMBREIRAS E VOADOS E IMPERMEABILIZACIÓN DE ENCONTROS DE CUBERTA CON PARAMENTOS VERTICAIS REALIZADA CON CAUCHO NUNHA LONXITUDE DE 28,50 MTS. SITA NA RÚA DE CASTIÑEIRA Nº. 16, EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE "O CASTRO" DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 9 DO P.X.O.U.).

Regresa á sesión o sr. Español Otero e abandona a sesión a Sra. Vicente Baz.

EXPEDIENTE: 6.239/2016.- D^a. MARÍA TERESA VIVENTE BAZ, PARA PECHE PERIMETRAL DE FINCA NUNHA LONXITUDE DE 80,00 MTS. (PARCELA Nº. 111-POLÍGONO Nº. 7) REALIZADO CON 2 FIADAS DE BLOQUES RECHEOS DE FORMIGÓN, SITUADA NO LUGAR DE "CAMPO DO LAGO" DA PARROQUIA DE SALCIDOS, EN SOLO NON URBANIZABLE COMÚN (ORDENANZA Nº. 8 DO P.X.O.U.).

Regresa á sesión a Sra. Vicente Baz

EXPEDIENTE: 6.370/2016.- D. JORGE ALONSO FAJAR, PARA REPARACIÓN E ENFOSCADO DE 6 COLUMNAS, 2 FILEIRAS DE LADRILLO EN 5 MTS. LINEAIS DE TAPIA E COLOCACIÓN DUNHA GUIA PARA PORTAL DE CORREDOIRA NO PECHE FRONTAL DA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA AVDA. DE SAN LORENZO Nº. 6, EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE "CIVIDÁNS" DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 9 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 6.482/2016.- D. MANUEL ÁNGEL MARTÍNEZ BERNARDEZ, PARA CAMBIO DE CUBRICIÓN DE CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 156,23 M². CONSISTENTE EN RETIRAR O MATERIAL EXISTENTE FORMADA POR TELLA CERÁMICA TOMADA CON MORTERO DE CEMENTO E SUBSTITUÍLA POR PLANCHAS DE URALITA E TELLA CERÁMICA CURVA DA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA AVDA. DE SAN LORENZO Nº. 32, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "CIVIDÁNS" DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 6.882/2016.- D^a. MARÍA DEL CARMEN GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, PARA REPARACIÓN DE MURO DE PEDRA DE MAMPOSTERÍA NUNHA SUPERFICIE DE 20,00 M². (PARCELA Nº. 107 DO POLÍGONO Nº. 19) SITO NA AVDA. DE SAN LORENZO, S/N., EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "CIVIDÁNS" DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

Neste momento abandona a sesión o Sr. Español Otero

EXPEDIENTE: 7.987/2016.- D. MIGUEL ÁNGEL ESPAÑOL OTERO, PARA PECHE LATERAL CONTRA LINDEIRO NUNHA LONXITUDE DE 13,70 MTS. E UNHA ALTURA DE 1,80 MTS. REALIZADO CON BLOQUE DE FORMIGÓN SITO NA RÚA DE CASTIÑEIRA Nº. 16, EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE "O CASTRO" DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 9 DO P.X.O.U.).

Neste momento regresa á sesión ó Sr. Español Otero.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

EXPEDIENTE: 5.067/2016.- D^a. ALICIA SABAJANES CONDE, PARA CONSOLIDACIÓN DE MURO DE CABANÓN EXISTENTE E RETIRADA DE TELLAS E MATERIAIS SUSCEPTIBLES DE DESPRENDEMENTO SITO NA RÚA DE A CRUZ Nº. 15, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "SALCIDOS" (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

Neste momento abandona a sesión ó Sr. Rodriguez Gonzalez

EXPEDIENTE: 7.534/2016.- D^a. MARÍA ALTAIR CASTRO MARTÍNEZ, PARA OBRAS DE REHABILITACIÓN DE MURO DE CONTENCIÓN CON PEDRA DO PAIS NUNHA LONXITUDE DE 40,00 MTS. LINEAIS E UNHA ALTURA DE 0,50 MTS. SITO NO LUGAR DE "PORTA DA PINGUETA" (PARCELA Nº. 177-POLÍGONO Nº. 15), EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE "A GÁNDARA" DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 9-B DO P.X.O.U.).

Neste momento regresa á sesión o Sr. Rodriguez Gonzalez

8.2.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS DE ADAPTACIÓN DE LOCAIS

A Xunta de Goberno Local da conta das seguintes comunicacións previas de obras de adaptación de locais:

EXPEDIENTE: 8.242/2015.- D. JOSÉ ANTONIO MARIÑO DOMINGUEZ, PARA OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DE LOCAL DESTINADO A CENTRO DE OCIO INFANTIL (Epig. 981.2) CON SERVICIO DE CAFETERÍA (Epig. 672.3), SITO NA RÚA DE MANUEL ÁLVAREZ Nº. 8-BAIXO, EN SOLO URBANO.

8.3.- SEGREGACIÓNS DE PARCELAS

8.3.1.- SEGREGACIÓN SOLICITADA POR D. JESÚS GONZALEZ PEREZ

Pásase a dar conta da solicitude con rexistro de entrada co núm. 5.928 de data 14 de setembro de 2016, a instancia de **D. JESÚS GONZALEZ PEREZ** e con domicilio na rúa de 7^a Transv. Solanas, nº 11 de A Guarda-C.P. 36780, quen presenta proxecto técnico redactado polo arquitecto técnico D. Ignacio Martínez Rodríguez para "**SEGREGACIÓN DE PARCELA**", sita na rúa Carretera Camposancos esquina rúa de 1^o Transversal de Saa.

INFORMES:

INFORME TÉCNICO 04-11-2016:

D. Antonio Hernández Crespo como arquitecto municipal do Concello de A Guarda e en relación a petición de licencia para "SEGREGACIÓN DE PARCELA" sita na rúa de Carretera Camposancos esquina rúa de 1^o Transversal de Saa, teño a ben emitilo seguinte INFORME:

1.- DOCUMENTOS:

1.1.- Proxecto técnico de segregación de parcelas a nome de D. Jesús González Pérez, redactado polo arquitecto D. Ignacio Martínez Rodríguez.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

- 1.2.- Declaración responsable do técnico redactor.
- 1.3.- Documentación de titularidade da parcela obxecto de segregación cunha superficie de 1.866,98 m². (1.811,34 m². segundo o proxecto técnico).
- 1.4.- Informe do Servizo de Infraestruturas da Delegación de Pontevedra da Xunta de Galicia de data 23.09.16, onde se indica que a competencia para o outorgamento de **liña de peche** é de competencia municipal para esta parcela.
- 1.5.- Informe do Servizo de Infraestruturas da Delegación de Pontevedra da Xunta de Galicia de data 23.09.16, onde se indica que a competencia para o outorgamento de **liña de edificación** é de competencia municipal para esta parcela.
- 1.6.- Acta de alíñación e rasante da parcela matriz emitida polos servizos técnicos municipais de data 27.10.16.
- 1.7.- Documento de cesión do solo conforme a acta de liña e rasante, por unha superficie de 123,03 m². asinado polo propietario.
- 1.8.- Informe de servizos urbanísticos emitido polos servizos técnicos municipais de data 27.10.16

2.- INFORME TÉCNICO:

2.1.- O Concello de A Guarda ten P.X.O.U. con aprobación definitiva do 29.07.93 e M.P. do 27.12.96.

2.2.- A parcela matriz ten a seguinte referencia catastral:

- 36023A036001610000UF.

2.3.- A parcela está clasificada como **“Solo urbano de núcleo rural”**, cualificada coa ordenanza nº. 7 grado A conforme ó informe de servizos urbanísticos.

2.4.- Conforme establece a disposición transitoria primeira da lei 2/2016 para o planeamento non adaptado á lei 9/2002, no seu apartado 2.c

c) Ao solo incluído no ámbito dos núcleos rurais ou nas delimitacións de solo non urbanizable de núcleo rural, nas súas áreas de influencia ou tolerancia, aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo.

2.5.- O obxectivo do proxecto presentado e dividir a parcela matriz en dúas novas parcelas axustadas a ordenanza de aplicación.

2.6.- O proxecto xustifica o cumprimento das condicións urbanísticas das parcelas de resultado.

2.7.- As parcelas resultado da segregación serán as seguintes:

	SUP. NETA	CESIÓN	TOTAL
PARCELA 1	696,84 m ² .	24,26 m ² .	721,10 m ² .
PARCELA 2	991,47 m ² .	98,77 m ² .	1.090,24 m ² .
TOTAL	1.688,31 m ² .	123,03 m ² .	1.811,34 m ² .

2.8.- Parcelas de resultado conforme normativa urbanística de aplicación.

PARCELA 1

ORD. Nº. 7 SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL			
ORDENANZA	P.X.O.U.	PROXECTO	OBSERV.
PARCELA MÍNIMA	300,00 m ² .	696,84 m ² (neta).	CUMPRE.
FRONTE MÍNIMO	5 m.	>5 m.	CUMPRE.



**C O N C E L L O
A G U A R D A**

(PONTEVEDRA)

PARCELA 2

ORD. Nº. 7 SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL			
ORDENANZA	P.X.O.U.	PROXECTO	OBSERV.
PARCELA MÍNIMA	300,00 m ²	1090,24 m ² (neta)	CUMPRE
FRONTE MÍNIMO	5 m.	>5 m.	CUMPRE

2.9.- A Segregación proposta cumpre coas indicación sinaladas no apartado 2.3.7 das normas urbanísticas do PXOU e co artigo 15 da lei 2/2016. de solo de Galicia.

3.- CONCLUSIÓN:

3.1.- Por todo o expresado anteriormente o informe técnico emitido considerase **favorable**.

3.2.- A autorización de segregación non implica en ningún caso autorización de edificación u obra de ningún tipo.

3.3.- Sen prexuízo do citado anteriormente a Comisión de Urbanismo co seu criterio superior decidirá.

INFORME XURÍDICO 15-11-2016:

Conta co informe xurídico subscrito polo asesor xurídico D. Carlos Potel Alvarellos, quen indica que non se observa na solicitude obxecto do presente informe ningún inconvinte para a súa concesión dende o punto de vista xurídico-procedimental, polo cal infórmase **favorablemente** a licencia, e formulase ó órgano competente a seguinte PROPOSTA:

1º.- Concede-la licencia municipal de parcelación a favor de D. Jesús González Pérez, debendo indicarse que en ningún caso autoriza dita licencia a edificar, indicándose no texto da mesma que a mesma conleva a obligación de cesión a favor do Concello dos terreos do solicitante tal como se contén no documento de cesión asinado polo mesmo de data 27-10-2016.

INFORME COMISIÓN DE URBANISMO: 14.12.2016.

Conta con informe **favorable**.

A Xunta de Goberno Local, vista a documentación aportada polo solicitante, así como os informes realizados polo Arquitecto Municipal e do asesor xurídico, acorda acceder á segregación de dita parcela nos termos sinalados.

8.3.2.- SEGREGACIÓN SOLICITADA POR D. VICTORIANO RODRIGUEZ GONZALEZ

Pásase a dar conta da solicitude con rexistro de entrada co núm. 7.016 de data 7 de novembro de 2016, a instancia de **D. VICTORIANO RODRÍGUEZ GONZÁLEZ** e con domicilio na rúa de Xunqueiriñas nº. 7 de A Guarda-C.P. 36789, quen presenta proxecto técnico redactado polo arquitecto técnico D. José Antonio González Barbosa para **“SEGREGACIÓN DE PARCELA”**, sita na rúa de Xunqueiriñas nº. 7.



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

INFORMES:

INFORME TÉCNICO 30-11-2016:

D. Antonio Hernández Crespo como arquitecto municipal do Concello de A Guarda e en relación a petición de licencia para “SEGREGACIÓN DE PARCELA” sita na rúa de Xunqueiriñas nº. 7, teño a ben emitilo seguinte INFORME:

1.- DOCUMENTOS:

1.1.- Proxecto técnico de segregación de parcelas a nome de D. Victoriano Rodríguez González, redactado polo arquitecto técnico D. Juan Antonio González Barbosa, con data de visado do 3.11.16.

1.2.- Documentación de titularidade da parcela obxecto de segregación con unha superficie de 2.499 m². (2.565,44 m². segundo o proxecto técnico).

1.3.- Acta de Aliñación e Rasante da parcela matriz emitida polos servizos técnicos municipais de data 24.11.16.

2.- INFORME TÉCNICO:

2.1.- O Concello de A Guarda ten P.X.O.U. con aprobación definitiva do 29.07.93 e M.P. do 27.12.96.

2.2.- A parcela matriz ten a seguinte referencia catastral:

- 36023A015001690000UX.

2.3.- A parcela está clasificada como “**Solo non urbanizable de núcleo rural**”, cualificada coa ordenanza nº. 9.

2.4.- Conforme establece a disposición transitoria primeira da Lei 2/2016 para o planeamento non adaptado á Lei 9/2002, no seu apartado 2.c

c) Ao solo incluído no ámbito dos núcleos rurais ou nas delimitacións de solo non urbanizable de núcleo rural, nas súas áreas de influencia ou tolerancia, aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo.

2.5.- O obxectivo do proxecto presentado e dividir a parcela matriz en tres novas parcelas axustadas a ordenanza de aplicación.

2.6.- Sobre a parcela matriz existe unha edificación de vivenda unifamiliar con outras edificacións auxiliares.

2.7.- O linde frontal da parcela matriz coincide coa aliñación conforme a acta de aliñación e rasante emitida polos servizos técnicos municipais polo que non existe cesión de solo para ampliación de viais.

2.8.- O proxecto xustifica o cumprimento das condicións urbanísticas das parcelas de resultado.

2.9.- As parcelas resultado da segregación serán as seguintes:

		SUPERFICIE.
PARCELA 1	Vivenda unifamiliar.	1.114,06 m ² .
PARCELA 2		698,77 m ² .
PARCELA 3		752,70 m ² .
TOTAL		2.565,53m²



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

2.10.- Parcelas de resultado conforme normativa urbanística de aplicación.

PARCELA 1

ORD. Nº 9 SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL				
ORDENANZA		P.X.O.U.	PROXECTO	OBSERV.
PARCELA MÍNIMA		600,00 m ²	1.114,06 m ² .	CUMPRE
EDIFICABILIDADE		0,40 m ² /m ² .	0,34 m ² /m ² .	CUMPRE
ÍNDICE OCUPACIÓN		30,00 %.	22,00 %.	CUMPRE
RECUAMENTOS EDIFICACIÓN	A LINDEIRO	3,00 m.	3,00 m.	CUMPRE
RECUAMENTO PECHE	A EIXO VIA	Aliñación ou 4 m. ó eixo.	Aliñación.	CUMPRE
FRONTE a vía pública			SI.	CUMPRE

Cumpre con todos os parámetros.

PARCELA 2

ORD. Nº 7 SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL				
ORDENANZA		P.X.O.U.	PROXECTO	OBSERV.
PARCELA MÍNIMA		300,00 m ²	696,84 m ² (neta).	CUMPRE
FRONTE a vía pública			SI.	CUMPRE

Cumpre con todos os parámetros.

PARCELA 3

ORD. Nº7 SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL				
ORDENANZA		P.X.O.U.	PROXECTO	OBSERV.
PARCELA MÍNIMA		300,00 m ² .	1.090,24 m ² (neta).	CUMPRE
FRONTE a vía pública			SI.	CUMPRE

Cumpre con todos os parámetros.

2.11.- A Segregación proposta cumpre coas indicación sinaladas no apartado 2.3.7 das normas urbanísticas do PXOU e co artigo 15 da Lei 2/2016. de Solo de Galicia.

3.- CONCLUSIÓN:

3.1.- Por todo o expresado anteriormente o informe técnico emitido considerase **favorable**.

3.2.- Os servizos xurídicos avaliarán a documentación de titularidade presentada.

3.3.- A autorización de segregación non implica en ningún caso autorización de edificación u obra de ningún tipo.

3.4.- Sen prexuízo do citado anteriormente a Comisión de Urbanismo co seu criterio superior decidirá.

INFORME XURÍDICO 09-12-2016:



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Conta co informe xurídico subscrito polo asesor xurídico D. Carlos Potel Alvarelos, quen indica que non se observa na solicitude obxecto do presente informe ningún inconvinte para a súa concesión dende o punto de vista xurídico-procedimental, polo cal infórmase **favorablemente** a licencia, e formulase ó órgano competente a seguinte PROPOSTA:

1º.- Concede-la licencia municipal de parcelación a favor de D. Victoriano Rodríguez González, debendo indicarse que en ningún caso autoriza dita licencia a edificar, indicándose no texto da mesma que a mesma conleva a obrigación de inscribir no Rexistro da Propiedade das tres parcelas de resultado, debendo consignar o texto da licencia todo-os extremos relacionados no artigo 357.4 do DECRETO 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e unha vez concedida deberán sellarse e dilixenciarse os distintos documentos e os planos do proxecto.

INFORME COMISIÓN URBANISMO 14-12-2016:

Conta co informe **favorable**.

A Xunta de Goberno Local, vista a documentación aportada polo solicitante, así como os informes realizados polo Arquitecto Municipal e do asesor xurídico, acorda acceder á segregación de dita parcela nos termos sinalados.

8.4.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS MAIORES.

A Xunta de Goberno Local da conta das seguintes comunicacións previas de obras maiores:

EXPEDIENTE NÚMERO: 5.812/2015.

Examinado o proxecto técnico presentado con data 02-09-2015 (R.E. nº. 5.812), por **D. FERNANDO LUIS LÓPEZ-RIOS FERNÁNDEZ** con D.N.I. nº. 35.806.349-H e con domicilio na rúa de Caleras nº. 7 de Madrid-C.P. 28002, para "AMPLIACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR" sita na rúa de Os Outeiros nº. 7, en Solo Non Urbanizable de Núcleo Rural de "Fontequente" da Parroquia de A Guarda (Ordenanza Nº. 9 do P.X.O.U.), segundo proxecto técnico subscrito polo Arquitecto D. Enrique Porto Rey.

PRIMEIRO.- Visto o informe técnico subscrito polo arquitecto municipal de data 03-12-2015, considérase **favorable** o proxecto para "ampliación de vivenda unifamiliar".

SEGUNDO.- Visto o informe xurídico de data 27-01-2016, quen indica que non se observa na solicitude ningún inconvinte para a súa concesión dende o punto de vista xurídico-procedimental, polo cal infórmase **favorablemente**, e formulase ó órgano competente a seguinte PROPOSTA:

1º. Concede-la licencia municipal de obras para proxecto básico e execución de reforma de vivenda unifamiliar para súa ampliación sita na rúa dos Outeiros nº. 7, Fontequente, a favor de D. FERNANDO LUIS LÓPEZ-RIOS FERNÁNDEZ, condicionando a súa eficacia a que se aporte xustificante da inscrición no Rexistro da Propiedade da escritura notarial de data 20-1-2016 outorgada ante o Notario José María Piñar Rodríguez de agrupación das fincas nas que se ubica a obra, impondo ademáis expresamente no texto da mesma os condicionantes establecidos nos informes técnicos e xurídico entre eles o nomeamento do coordinador de seguridade e saúde, así como deberán impoñerse os condicionantes xerais establecidos na lexislación urbanística respecto os prazos de execución das obras, con **12**



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

expresión dos recursos procedentes a entablar contra dito acto administrativo, o cal debe notificarse o interesado.

TERCEIRO.- Visto o informe da comisión informativa de urbanismo de data 25-02-2016, no que se acorda deixar o tema enriba da mesa ata que se revise toda a documentación.

CUARTO.- Visto o informe técnico de data 30-11-2016, quen indica que vista a resposta do servizo de urbanismo da CMATI, con competencia na banda de servidume de protección de costas, a edificación de referencia non se atopa afectada pola zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre. É polo que, as obras que se pretenden executar considéranse autorizables ó ser obras de mellora, conservación e mantemento do uso preexistente.

QUINTO.- Visto o informe xurídico de data 30-11-2016, quen formula ó órgano competente a seguinte PROPOSTA:

1º. Concede-la licenza municipal de obras para o proxecto básico e execución de reforma de vivenda unifamiliar para súa ampliación en edificación auxiliar existente sita na rúa dos Outeiros nº. 7, Fontequente, a favor de D. FERNANDO LUIS LÓPEZ-RIOS FERNÁNDEZ, impondo a condición de que a edificación na que se realizan as obras non pode ser segregada nin utilizada independentemente da outra por terceiros, e a tal fin deberá solicitar, unha vez rematadas as obras, licenza de primeira ocupación para a comprobación do cumprimento do anterior impondo ademais expresamente no texto da licenza os condicionantes establecidos nos informes técnicos e xurídicos entre eles o nomeamento de coordinador de seguridade e saúde, así como deberán imponerse os condicionantes xerais establecidos na lexislación urbanística respecto os prazos de execución das obras, con expresión dos recursos procedentes a entablar contra dito acto administrativo, o cal debe notificarse o interesado.

Con base en ditos antecedentes, a Xunta de Goberno Local **RESOLVE:**

CONCEDER, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiros, a **D. FERNANDO LUIS LÓPEZ-RIOS FERNÁNDEZ,** licenza para “AMPLIACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR” sita na rúa de Os Outeiros nº. 7, de acordo co proxecto técnico presentado obrante no expediente de referencia, que deberá axustarse as condicións sinaladas nos informes técnicos e xurídicos.

O prazo para iniciar as obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, dende o día seguinte a data de notificación da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

Se poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga (art. 197.1 da LOUGA).

Será declarada a caducidade das licenzas, logo do procedemento instruído con audiencia do interesado, polo transcurso dos seguintes prazos (art. 197.1 da LOUGA):

- Cando non se tivesen iniciado as obras amparadas por esta licenza no prazo de seis (6) meses dende o día seguinte ao da notificación do seu outorgamento.
- Cando non se cumprise o prazo de terminación das obras de tres (3) anos dende o seu inicio.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

- Cando a obra fose interrompida durante un periodo superior a seis (6) meses.
- Estes prazos poderán prorrogarse segundo o establecido no art. 197 da LOUGA.

SEXTO.- ADVERTENCIAS:

As obras teranse que realizar de conformidade co disposto nos artigos 2.5.12 (condicións das obras en relación coas vías públicas) e 2.5.14 (valado das obras) recollidos no vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana.

Deberá de adoptar de xeito inmediato as medidas necesarias para garantir a seguridade das persoas, dos predios colindantes e da vía pública.

É requisito e indispensable en todas as obras dispor, ó pé de obra, de copia autorizada da licenza municipal e, nas maiores, a colocación do cartel indicador de 1,20 x 0,85 mts. no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos os que se vai a destina-la construción, o número de plantas autorizadas, o prazo de execución das obras, a data de outorgamento e número da licenza.

As obras autorizadas realizaranse por empresa de construción que posúa o correspondente documento de cualificación empresarial.

EXPEDIENTE NÚMERO: 2.863/2016.

Examinado o proxecto técnico presentado con data 06-05-2016 (R.E. nº. 2.863), por **D. AQUILINO RODRÍGUEZ VÁZQUEZ e D^a. MARÍA MERCEDES VICENTE LOMBA** con D.N.I. nº. 35.806.193-T e nº. 35.809.040-H e con domicilio na rúa de Paseo de Portugal nº. 77 de A Guarda-C.P. 36788, para “REHABILITACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR” sita na rúa de Barreira nº. 21, en Solo Urbano de Núcleo Rural de “O Castro” da Parroquia de Salcidos (Ordenanza Nº. 7 do P.X.O.U.), segundo proxecto técnico subscrito polo Arquitecto D. Ignacio Martínez Rodríguez (Visado C.O.A.G: 19-04-2016).

PRIMEIRO.- Visto o informe técnico subscrito polo arquitecto municipal de data 24-11-2016, considérase **favorable** o proxecto para “rehabilitación de vivenda unifamiliar”.

SEGUNDO.- Visto o informe xurídico de data 30-11-2016, quen indica que non se observa na solicitude en cuestión, dende o punto de vista xurídico-procedimental, ningún inconveniente para a súa concesión, polo que se informa **favorablemente**, de acordo coa seguinte PROPOSTA:

1º. Concede-la licenza municipal de obras a favor de D^a. Mercedes Verde Lomba e D. Aquilino Rodríguez Vázquez para obras de rehabilitación de vivenda unifamiliar existente na rúa de Barreira nº. 21, impondo os condicionantes establecidos nos informes técnicos e xurídico, así como os xerais establecidos na lexislación urbanística respecto os prazos de execución das obras, con expresión dos recursos procedentes a entablar contra dito acto administrativo.

Con base en ditos antecedentes, a Xunta de Goberno Local **RESOLVE:**

CONCEDER, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiros, a **D^a. MARÍA MERCEDES VICENTE LOMBA**, licenza para “REHABILITACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR” sita na rúa de Barreira nº. 21, de acordo co proxecto técnico presentado



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

obranche no expediente de referencia, que deberá axustarse as condicións sinaladas no informe técnico e xurídico.

O prazo para iniciar as obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, dende o día seguinte a data de notificación da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

Se poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga (art. 197.1 da LOUGA).

Será declarada a caducidade das licenzas, logo do procedemento instruído con audiencia do interesado, polo transcurso dos seguintes prazos (art. 197.1 da LOUGA):

- Cando non se tivesen iniciado as obras amparadas por esta licenza no prazo de seis (6) meses dende o día seguinte ao da notificación do seu outorgamento.
- Cando non se cumprise o prazo de terminación das obras de tres (3) anos dende o seu inicio.
- Cando a obra fose interrompida durante un período superior a seis (6) meses.
- Estes prazos poderán prorrogarse segundo o establecido no art. 197 da LOUGA.

TERCEIRO.- ADVERTENCIAS:

As obras teranse que realizar de conformidade co disposto nos artigos 2.5.12 (condicións das obras en relación coas vías públicas) e 2.5.14 (valado das obras) recollidos no vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana.

Deberá de adoptar de xeito inmediato as medidas necesarias para garantir a seguridade das persoas, dos predios colindantes e da vía pública.

É requisito e indispensable en todas as obras dispor, ó pé de obra, de copia autorizada da licenza municipal e, nas maiores, a colocación do cartel indicador de 1,20 x 0,85 mts. no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos os que se vai a destina-la construción, o número de plantas autorizadas, o prazo de execución das obras, a data de outorgamento e número da licenza.

As obras autorizadas realizaranse por empresa de construción que posúa o correspondente documento de cualificación empresarial.

8.5.- COMUNICACIÓN PREVIA DE CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZAS DE APERTURA.

A Xunta de Goberno Local da conta das seguintes comunicacións previas de cambio de titularidade de actividade:

EXPEDIENTE: 6.371/2016. D^a. MARIA DEL CARMEN GONZALEZ ALVAREZ DE CAMBIO DE TITULARIDADE DA ACTIVIDADE DE COMERCIO MENOR SEMILLAS, ABONOS, FLORES, PLANTAS [EPÍG. 659.7] A REALIZAR NA RÚA CARRETERA PINTAN-PROBA, Nº 38-BAIXO, QUE ANTES FIGURABA A NOME DE D^a. MELISA SOUSA PEREZ.



**C O N C E L L O
A G U A R D A**

(PONTEVEDRA)

EXPEDIENTE: 7.578/2016. SETESTRELO, C.B. DE CAMBIO DE TITULARIDADE DA ACTIVIDADE DE CAFÉ-BAR CATEGORÍA ESPECIAL [EPIG. 673.1] A REALIZAR NA RÚA VICENTE SOBRINO, Nº 22-BAIXO, QUE ANTES FIGURABA A NOME DE STRAIGHT NO CHASER, C.B.

EXPEDIENTE: 6.126/2016. D^a. YOLANDA GONZALEZ ALVAREZ DE CAMBIO DE TITULARIDADE DA ACTIVIDADE DE CAFETERÍA [EPIG. 672.3] A REALIZAR NA RÚA MANUEL ALVAREZ, Nº 2-BAIXO, QUE ANTES FIGURABA A NOME DE LOGÍSTICA Y DISTRIBUCIÓN BUGUS, S.L.

FORA DA ORDE DO DÍA

Vistas as Bases do Plan de Práctica Laboral na Deputación e Concellos da Provincia 2017, a Xunta de Goberno Local, órgano competente para elo, pola unanimidade dos seus membros ACORDA adherirse ó Plan de Práctica Laboral en Concellos 2017 que a Deputación Provincial de Pontevedra está a desenvolver e nomear titores dos bolseiros a:

- Do/a bolseiro/a do Ciclo Superior en animación sociocultural e turística a Rosalía Verde Perez.
- Do/a bolseiro/a da licenciatura/grao en xornalismo a Elena Rodriguez Nuñez.
- Do/a bolseiro/a da licenciatura/grao en historia da arte Teresa Espejo Guardiola.
- Do/a bolseiro/a do grao en enxeñería de edificación / arquitectura a Antonio Hernandez Crespo.

Vistas as bases do concurso DRAG QUEEN GUARDES a Xunta de Goberno Local acorda aprobalas.

Sendo as nove horas e cincuenta e oito minutos o sr. Presidente levanta a sesión da que eu como secretario dou fe.